

FAI OIR A TÚA VOZ NA XXA BBVA: DELEGA O TEU VOTO EN CCOO

A Xunta Xeral de Accionistas (XXA) celébrase en Bilbao, o próximo 13 de marzo. CCOO interviremos para defender os intereses dos traballadores e as traballadoras de BBVA en todos os seus aspectos (**Emprego, Igualdade, Conciliación, Retribucións-Incentivos, achega fixa Plan de Pensións e Responsabilidade Social**). A nosa intervención remitirémola ao equipo.

A posición da Federación de Servizos de CCOO en relación coa orde do día é:

○ **O voto en contra** do punto sétimo e undécimo sobre o programa de entrega de accións ao equipo directivo e a política retributiva ao Consello, en claro contraste coa situación de axustes de equipos e redución do gasto, ademais das modificacións continuas dun sistema de retribución variable implantado polo Banco, sen participación sindical, que deixa sen incentivos a unha boa parte do persoal.

○ **O voto en contra** do punto oitavo, que pretende ampliar o colectivo de empregados cuxa remuneración variable poida chegar ata un 200% da retribución fixa, máis alá da recomendación da Directiva Europea en materia de retribucións variables.

○ **O voto en contra** da reelección do Conselleiro, punto 2.1, xa que ao final do seu mandato superaría os 12 anos recomendados polo "Código Unificado de Bo Goberno".

○ **O voto en contra** da reelección do auditor, punto noveno, con máis de 12 anos traballando para a sociedade e o grupo, que na nosa opinión, podería comprometer a independencia do auditor.

○ **Nosa abstención** nos puntos 1.3, (aprobación da xestión social durante o exercicio 2014), 2.5 (nomeamento de Conselleiro independente, cremos que BBVA debe incorporar máis Conselleiras, especialmente en nomeamentos novos) e do punto Cuarto, (proposta de 4 aumentos de capital con cargo a reservas).

Cómo delegar as túas accións a CCOO?



Se queres que a túa opinión conste na Xunta, a través de CCOO BBVA, debes **DELEGAR as túas accións**, conferindo a representación, no apartado da Tarxeta para o efecto, á nosa Secretaria Xeral, **ISABEL GIL DELGADO**, con instrucións de votar "**segundo estime oportuno en cada punto da orde do día**".

Para que la Delegación sexa válida debese:

- **DESTRUIR a TARXETA DE VOTO A DISTANCIA**, e
- **Enviarnos a Tarxeta de Delegación** asinada á Sección Sindical do teu territorio ou directamente a CCOO BBVA-Oficina 2100-Gran Capitán, 5-Córdoba.

Por suposto, se tes máis de 500 accións correspóndeches, en todo caso, retirar o Obsequio, sen ningunha diferenza respecto ás delegacións en branco, que son a favor de todas as propostas do Consello. Se tes menos de 500 accións ou non recibiches a delegación, podes pedir a Tarxeta de agrupación ou duplicado en calquera Oficina ou accedendo a: Escenario Operativo/Accionistas/Duplicado de formularios, introduce o teu NIF e preme buscar, finalmente pulsa sobre [Im.asis./agrupa.]. Ante calquera incidencia, chámanos ou escribe un correo electrónico a bbvaccoo@servicios.ccoo.es

Que a túa opinión no quede no caixón. Delega as túas accións a CCOO.

Aportamos solucións, melloramos os teus dereitos.

Febreiro 2015

CCOO servizos bbva

Tel. 91 594 42 36 - 93 634 83 99 - bbvaccoo@servicios.ccoo.es - www.ccoo-servicios.net/bbva - portal sindical
adherida á **unión network international**